

A PIRÁMIDE DE POBOACIÓN OU PIRÁMIDE DE IDADES

A **pirámide de poboación**, tamén chamada **pirámide de idades**, é o resultado da combinación de dúas gráficas (unha para a poboación masculina e outra para a feminina) que se unen nun eixe común:


@ Amplía na Rede...

Para saberes máis sobre as pirámides de poboación, entra en: www.tiching.com/744606

- No **eixe vertical** da pirámide, común para homes e mulleres, represéntanse as idades agrupadas en intervalos de cinco anos e en orde crecente.
- Os grandes grupos de idades (mozos, adultos e anciáns) dividen a pirámide en tres partes: a **base**, o **tronco** e a **cima**.
- Nos dous **eixes horizontais** especifícanse os valores da poboación por sexo: á esquerda os homes e á dereita as mulleres.
- O número de homes e mulleres de cada grupo de idade pódese expresar en valores absolutos (miles de habitantes) ou en valores relativos (porcentaxes).

1. Que información aparece reflectida nunha pirámide de poboación?
2. Como se representan os diferentes grupos de idade?
3. Onde se colocan os valores da poboación? Que lugar ocupan os homes? E as mulleres?

A PIRÁMIDE DE POBOACIÓN MUNDIAL EN 2015



4. Que é a estrutura biolóxica dunha poboación? E a estrutura económica?

5. Como se pode representar a estrutura biolóxica dunha poboación?

6. Define os conceptos: *poboación activa*, *poboación ocupada*, *poboación inactiva* e *taxa de actividade*.

7. Investiga que problemas poderá ter no futuro un país cunha estrutura demográfica avellentada.

Como son os tipos de pirámides de poboación

As pirámides de poboación ademais de representar a composición dos habitantes, por idade e sexo, facilitánnos moita máis información, por exemplo se se produciron movementos migratorios, guerras, epidemias, mortalidade infantil, políticas relacionadas coa natalidade, etc.

Polo tanto, a análise dunha pirámide de poboación permítenos interpretar como son a dinámica e a evolución dunha poboación.

O perfil que resulta da pirámide, é dicir, o contorno ou liña exterior imaxinaria que une todos os grupos de idade, indica o tipo global da poboación nun momento determinado.

De acordo coa forma que adquire este perfil, adóitanse establecer tres tipos de pirámides que representan tres tipos de poboación distintos:

- A **forma triangular** ou **de parasol** reflicte unha poboación que medra ou **expansiva**.
- A **forma de oxiva** ou **de campá** indica que se trata dunha poboación **estable**.
- A **forma de urna** ou **de bulbo** manifesta unha poboación que non medra ou **regresiva**.



Expansiva



Estable




Regresiva

O triángulo ideal e a pirámide de poboación

A forma ideal da pirámide de poboación é o **triángulo equilátero**, porque xeralmente os grupos dos máis novos son máis numerosos que os dos anciáns. Pero só se trata da forma ideal, porque os acontecementos demográficos e históricos que lle suceden a unha poboación son os que modifican o perfil da pirámide.

Debuxar o **triángulo ideal** é moi útil como referente para observar as diferenzas co perfil dos distintos perfís de pirámides. O triángulo ideal obtense unindo a base, desde o 5,5 % de cada sexo, coa cúspide.



1. Tomando como referencia o triángulo ideal, analiza os grandes grupos de idade en cada un dos tipos de pirámides de poboación.


A PIRÁMIDE TRIANGULAR OU DE PARASOL

A pirámide con forma triangular ou de parasol corresponde a unha **poboación nova**.

Caracterízase por ter unha base ancha ou moi ancha como resultado dunha natalidade elevada. A mortalidade infantil tamén é alta (moitos nenos e mozos non chegan á idade adulta), o que se reflicte nun estreitamento progresivo do tronco da pirámide.

O estreitamento do cumo ou cima débese a que a mortalidade entre os adultos tamén é alta, o cal dificulta que a poboación chegue a idades avanzadas. En xeral, como consecuencia das deficientes condicións alimentarias, hixiénicas e sanitarias, a esperanza de vida é curta.

A PIRÁMIDE DE POBOACIÓN NOVA



Esta pirámide é propia dos países menos desenvolvidos de África e de Asia.

B A PIRÁMIDE DE OXIVA OU DE CAMPÁ


A pirámide con forma de oxiva ou de campá corresponde a unha **poboación adulta**.

A base e a cima son máis estreitas, e o tronco, ancho. Esta redución da base significa que as taxas de natalidade descendieron como consecuencia dun control da natalidade.

A diminución da mortalidade infantil, resultado dunha mellora da alimentación e das condicións hixiénicas e sanitarias, repercute nun aumento da poboación de adultos e anciáns.

Por iso, os mozos teñen moitas posibilidades de chegar a adultos e estes, aínda que en menor proporción, de alcanzar a vellez.

A PIRÁMIDE DE POBOACIÓN ADULTA



Esta pirámide é propia dos países que se atopan en vías de desenvolvemento, localizados, en gran parte, en América Central e do Sur, e en Asia.

C A PIRÁMIDE DE URNA OU DE BULBO


A pirámide con forma de urna ou de bulbo corresponde a unha **poboación avellentada**.

A súa base é moi estreita, como resultado dun control absoluto da natalidade e a posta en práctica dunha planificación familiar. A mortalidade infantil resulta pouco significativa.

As condicións alimentarias, hixiénicas e sanitarias son óptimas, o que provoca unha diminución notable da mortalidade en todas as idades e un aumento da esperanza de vida.

A poboación alcanza facilmente a vellez, é por iso polo que a cima é moito máis ancha que nos outros dous modelos de pirámide.

A PIRÁMIDE DE POBOACIÓN AVELLENTADA



Esta pirámide é característica dos países desenvolvidos de América do Norte, de Europa, de Asia (é o caso de Xapón) e de Oceanía.

2. Cales son as formas que pode ter unha pirámide de poboación? Con que tipo de poboación se identifica cada unha destas formas?
3. Observa e describe, para cada un dos tres modelos de pirámides, como aparecen representados a base, o tronco e a cima.
4. Cales son as características principais das pirámides de poboación nova, adulta e avellentada? De que países son propios os tres modelos de pirámides?
5. Observa a pirámide da poboación mundial en 2015 da páxina 177 e describe as características xerais e tamén por grupos de idade.